## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 28 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.*

A Orde do 29 de decembro de 2008 (DOG nº 7, do 12 de xaneiro de 2009) establece que os créditos que financian as axudas previstas nelas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan en que están implicadas diversas consellerías, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como por darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, ao mesmo tempo que adquiriren unha experiencia profesional e obteñen un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias.

En consecuencia, como existen dotacións que poden ser utilizadas para o programa de contratación de traballadoras e traballadores desempregados en colaboración con entidades distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro procedentes de remanentes doutras convocatorias e de incorporacións de créditos, cómpre realizar unha terceira ampliación de case medio millón de euros dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

1. Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 de acordo coa seguinte desagregación:

Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.403.0: polo importe de 17.753,40 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.440.0: polo importe de 666,72 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.441.0: polo importe de 139,08 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.443.0: polo importe de 26.433,72 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.481.1: polo importe de 105.245,79 € proxecto 2007 00 667 modalidade 3011.

48.04.322A.481.2: polo importe de 327.769,79 € proxecto 2006 00 481 modalidade 3011.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

*Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas nas ordes de convocatoria para o ano 2009 reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.*

As ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción do emprego autónomo e

de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, establecen nas correspondentes disposicións en que se recollen os créditos que financian as ordes, que estes importes poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro das ordes que se citan nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 450 polo importe de 425.880 euros.

Artigo 2º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 12, do 19 de xaneiro), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2002 14 438 polo importe de 11.721 euros.

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2003 00 451 polo importe de 3.508 euros.

Artigo 3º

Estas modificacións non afectan o prazo establecido nas referidas ordes para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*Resolución do 28 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso sobre delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Vigo, anúnciase a convocatoria dun curso sobre delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.

Obxectivos:

-Coñecer os principais tipos delitivos contra o patrimonio e a orde socioeconómica e comprender os seus elementos esenciais, diferenciando as figuras delitivas próximas.

-Identificar, con base en supostos de feitos concretos, o tipo delitivo aplicable e as diferentes consecuencias xurídico-procesuais.

Contido:

Módulo I.

-Furto: delito e falta. O furto cualificado. O furto de posesión.

-Roubo. Os conceptos de forza nas cousas e violencia ou intimidación nas persoas. Tipos cualificados.

-A extorsión.

-Subtracción e utilización sen autorización de vehículos de motor e ciclomotores.

-Usurpacións.

-Defraudacións: estafas, apropiacións indebidas, utilización fraudulenta de enerxía eléctrica, auga, gas, etc.

-Roubo, extorsión, subtracción ou utilización indebida de vehículo de motor ou ciclomotor alleo. Usurpación. Defraudacións. Estafas. Apropiación indebida. Defraudacións do fluído eléctrico e análogas.

-Os danos: en especial, determinados danos cualificados.

-As escusas absolutorias nos delitos contra o patrimonio. A participación do estraño.

-As formas de resolución criminal meramente manifestada nos delitos contra o patrimonio.